

NARRATIVE TENSES

Para contar unha historia, un conto ou un relato, sexa por escrito ou oralmente, utilizamos xeralmente formas verbais pasadas. Na primeira quincena aparecen todas as formas verbais dun xeito esquemático. Nesta quincena imos tratar con máis detalle os tempos verbais que se usan especificamente para textos narrativos:

➤ **Past simple:**

◆ **To describe simple facts and states**

*“Once upon a time there was a little girl called Little Red Riding Hood”
(había unha vez unha nena que se chamada Carapuchiña Vermella)*

◆ **To express a chronological sequence: one thing happened after another and so on and so forth.**

*“Peter got ready. He opened the door and left. Then he drove to his office”.
(Pedro preparouse. Abriu a porta e saíu. Despois conduxo a súa oficina)*

➤ **Past continuous:**

◆ **To describe and set the scene**

*“The sun was shining and the birds were singing”
(O sol brillaba e os paxaros cantaban)*

◆ **To express actions that were happening at the same time:**

*“While we were watching the children playing, they were preparing the food for the picnic”
(Mentras mirabamos como xogaban os nenos, eles preparaban a comida para o picnic)*

➤ **Past simple and past continuous:**

These two verb forms are used together to show that one action was going on when another action interrupted it.

*“I heard a noise when I was walking down the narrow path”
(oín un ruído cando ía paseando por un camiño estreito)”*

➤ **Past perfect:**

- ◆ To express a past scene that happened before another past scene; that is, it shows a past in the past. It usually comes after or before a simple past to make the scene clear.

“When my mum got to the airport, our plane had already landed”
= Cando a miña nai chegou ó aeroporto, o noso avión xa aterrara

***NOTA IMPORTANTE:**

COMO TRADUCIR OS PASADOS AO GALEGO

➤ **PAST SIMPLE & PAST CONTINUOUS**

Fíxate que en galego os dous tempos verbais tradúcense de distinta maneira, o cal che pode dar indicacións de cal debes utilizar cando escribes en inglés.

- ◆ *Past Simple = pretérito perfecto*
Exemplo: *Abrín a porta e saín* = I opened the door and went out.

- ◆ *Past Continuous = pretérito imperfecto:*
Exemplo: *“O sol ocultábase lentamente”* = The sun was setting down slowly

- ◆ *Past Simple + Past continuous = Pretérito indefinido + pretérito imperfecto.*

Exemplo: *“Cando abrín a porta, os nenos estaban xogando alegremente”*
= When I opened the door, the children were happily playing.

➤ **PAST PERFECT**

Fíxate que en galego non existen os tempos compostos e polo tanto o “past perfect” equivale á forma de pluscuamperfecto galego:

“The girl was carrying a basket which contained a cake that her mother had baked especially for her.”

= *A nena levaba unha cesta que tiña un pastel que fixera a súa nai especialmente para ela*

HOW TO LINK SENTENCES IN NARRATIVE TEXTS

Para que un texto narrativo esté ben estruturado é necesario facer un bo uso dos conectores de tempo e secuencia, xa que nos axudan a situar a acción no tempo e facilita a comprensión da historia. Fíxate nalgúns exemplos e no tipo de estruturas gramaticais que se utilizan con eles.

➤ **Expressing time:**

When (cando) / **While** (mentres) / **As** (cando) / **After** (despois de) / **Before** (antes de)

As soon as (tan pronto como) / **By the time** (no momento en que)

As oracións que introducen os conectores temporais que aparecen no recadro poden ir antes ou despois da oración principal

e.g.: ***When/while/as we were driving, we saw an accident***

(Cando/Mentres conducíamos, vimos o accidente)

We saw the accident when/while/as we were driving.

(Vimos o accidente cando/mentres conducíamos.)

We had packed everything before we left. (Fixemos as maletas antes de marchar)

Before we left, we had packed everything. (Antes de marchar, fixemos as maletas)

Whenever (sempre que) / **Every time** (cada vez que)

As oracións temporais que están introducidas por **whenever, every time** teñen que ir colocadas sempre antes da oración principal:

e.g.: ***Whenever / Every time I see you, you look different***

(Sempre que / Cada vez que che vexo, tes un aspecto diferente)

➤ **Expressing sequence**

As palabras que aparecen no seguinte recadro pódense usar para expresar unha serie de acontecementos que ocorren uns a continuación dos outros. Van seguidos dunha oración.

First (en primeiro lugar, primeiro) /
Next (a continuación, de seguido) /
Then, Later (despois, máis tarde)
Finally, eventually (ao final)

e.g.: **“First** we packed the car, **next** we got inside, **then**, we started the car and **finally**, we hit the road”.

WRITING: A NARRATIVE TEXT

O texto narrativo é posiblemente o que utilizamos con máis frecuencia tanto na escrita como na lingua oral, xa que o que facemos usualmente é “contar”. Polo tanto é importante que te fixes na estrutura, organización e vocabulario que debes utilizar á hora de narrar unha historia.

Cando contamos unha historia tanto por escrito como oralmente, debemos tratar de dar resposta ás seguintes preguntas:

<p>Who was part of the story? When did the events take place? Where did the events take place? What happened to the characters? Why did that happen? How did the story end?</p>
--

Unha vez que teñas un esquema establecendo QUEN, CANDO, ONDE, QUE, POR QUE, COMO... podes estruturar o teu texto da seguinte maneira:

PLANNING YOUR STORY

♦ Opening paragraph:	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Set the scene (time, place) ✓ Introduce the main characters ✓ Introduce the situation
♦ Body:	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Give details of the story ✓ Describe the main events of the story ✓ Prepare the reader for the ending of the story
♦ Closing paragraph	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Say how the story ended

USEFUL VOCABULARY

Starting the story	Expressing sequence	Expressing time
<ul style="list-style-type: none"> ▪ The story happened... ▪ Once upon a time... ▪ It all began with/when... ▪ It was a day/evening... ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ First / at first / in the beginning / before ... ▪ next / then / soon / after that/ afterwards / later / meanwhile / shortly after... ▪ at last / eventually / finally / in the end... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ When / while / as / before / after / until / as soon as / by the time ▪ Last year / yesterday / that afternoon / many years ago... ▪

Como Mellorar Un Texto Narrativo:

Cando escribimos un relato, unha historia ou un conto podemos melloralo facendo uso de adxectivos, adverbios (revisa o seu uso e orde en documentos de quincenas anteriores) ademais de variedade de substantivos e verbos que intensifiquen o ambiente que queremos crear, dependendo se é unha historia cómica, dramática, de medo, etc.

Por outra banda, é imprescindible facer un bo uso de conectores, palabras e expresións que sitúen claramente o tempo e a secuencia en que ocorren os feitos para que o lector poida entender cronoloxicamente o transcurso da narración.

(fíxate no documento de Gramática desta quincena sobre tempos narrativos e usos de conectores).

FAQ: DO versus MAKE

Cando debemos utilizar DO e cando MAKE?

Xeralmente os verbos léxicos ingleses DO e MAKE equivalen ao verbo galego FACER; sen embargo, en inglés teñen usos diferentes que é necesario coñecer para non equivocarse.

Como norma pódese dicir que DO significa facer unha acción en xeral, resolver algo, mentres que MAKE ten o significado de crear ou construír.

➤ DO

- ◆ Facer algo que descoñecemos. Normalmente vai acompañado de palabras compostas con “thing”:

e.g.: “*What’s he doing?*” “*He’s doing nothing*”
(Que está a facer? Non está facendo nada)

- ◆ Facer algún tipo de traballo:

e.g.: “*It’s time to do our homework*”
(É hora de facer os deberes)

- ◆ Facer actividades durante un certo tempo, ou que se repiten, como por exemplo hobbies ou traballos da casa. Neste caso o verbo DO vai xeralmente seguido dun verbo en –ING:

e.g.: “*He’s doing the washing-up*”
(Está fregando a louza)

➤ MAKE:

- ◆ Utilizamos MAKE cando queremos indicar crear ou construír:

e.g.: “*My mum has just made a cake*”
(A miña nai acaba de facer un pastel)

FIXED EXPRESSIONS WITH DO AND MAKE

DO	MAKE
<i>a course (facen un curso)</i>	<i>arrangements (facen amaños)</i>
<i>a favour (facen un favor)</i>	<i>the bed (facen a cama)</i>
<i>homework (facen os deberes)</i>	<i>a decisión (tomar unha decisión)</i>
<i>something/nothing/anything (facen algo/nada)</i>	<i>an effort (facen un esforzo)</i>
<i>History/Geography/Maths (subjects) (estudar materias)</i>	<i>an excuse (por unha excusa)</i>
<i>the cleaning, the gardening, etc. (work or jobs in general) (facen a limpeza, traballos de xardinería, traballos en xeral)</i>	<i>love (facen o amor)</i>
<i>good / bad (facen ben / mal)</i>	<i>a mistake (cometer un erro)</i>
<i>sport (facen deporte)</i>	<i>Money (facen cartos)</i>
<i>exercise (facen exercicio)</i>	<i>a noise (facen ruído)</i>
<i>business (facen negocios)</i>	<i>a phone call (facen unha chamada)</i>
<i>one's hair (amañar o pelo)</i>	<i>a speech (dar unha conferencia)</i>
	<i>a suggestion (facen unha suxerencia)</i>
	<i>trouble (causar problemas)</i>
	<i>an appointment (ter unha cita)</i>

FAQ: another, other(s), the other?

Que diferenzas hai entre ANOTHER, OTHER, THE OTHER?

➤ **ANOTHER:**

- ◆ Diante de substantivos contables en singular significa
-“un máis” / “outro/a”
e.g.: “Can I have another cup of tea?”
(Podo tomar outra taza de te? (unha máis)
-“outro/a distinta ademais desta”
e.g.: “Can I paint the room another colour?”
(Podo pintar a habitación noutra cor?” (noutra diferente)

➤ **OTHER:**

- ◆ Diante de substantivos contables en plural significa:
-“outros ademais destes”
e.g.: “Have you got any other cakes?”
(Tes outros pasteles?)

➤ **THE OTHER / THE OTHERS:**

- ◆ **THE OTHER:** úsase diante de substantivos contables en plural:
-“as/os outras/os”
e.g.: “Where are the other photos?”
(Onde están as outras fotos?)
- ◆ **THE OTHERS:** úsase como pronome significando “os outros”:
-“as/os outras/os”
e.g.: “Where are the others?”
(Onde están as outras?)

FAQ: Differences in the use of the ARTICLE

O uso do artigo determinado (definite article: “the”) e indeterminado (indefinite article “a/an”) en inglés é bastante similar ao seu uso en galego. Sen embargo, existen algunhas excepcións que imos comentar a continuación:

➤ **NON SE USA** O ARTIGO DETERMINADO (DEFINITE ARTICLE “THE”)

- ◆ Diante de substantivos contables en plural cando falamos de xente ou de cousas en xeral:

e.g.: “**Indigenous people** believe in the power of nature”

(A xente indíxena (en xeral) cre no poder da natureza)

- ◆ Diante de sustantivos incontables cando falamos de xente ou de cousas en xeral:

e.g.: “**Nature** is something to believe in”

(A natureza (en xeral) é algo no que crer)

➤ **ÚSASE** O ARTIGO INDETERMINADO (INDEFINITE ARTICLE “A / AN”)

- ◆ Diante de substantivos en singular que indican a que clase, grupo ou tipo de cousas ou persoas pertence algo ou alguén:

e.g.: “He’s **a fisher**” = É pescador

“He used a bird bone as **a hook**” = Usou un oso de paxaro de garfo